

# DE NOVO CENTAURO

KATIXA AGIRRE

TRADUCCIÓN:  
ISAAC XUBÍN



*Para Lea, Joanes e todos os nenos e nenas de hoxe en día,  
co pensamento no futuro.*

VR: realidade virtual. Simulación total, a través de lentes e outros aparellos, que é capaz de sacar completamente o usuario da súa realidade.

AR: realidade aumentada. Tecnoloxía que permite engadir elementos virtuais á realidade, de xeito dixital, enriquecendo a percepción.

XR: realidade estendida. Mestura total de realidade virtual e física, na cal os obxectos físicos chegan a interactuar no ámbito virtual e viceversa.

## 1

As cousas comezan así. Sen transición. Ese xesto, o de poñer as lentes, cámbiao todo. Estás aquí e de súpeto estás alí. Ou ao revés.

Por exemplo.

O teu corpo nun prado verde, de pé.

Non, non é o teu corpo.

Digamos mellor que é a túa conciencia.

Esquece que tes corpo.

Mellor así.

Sente como se dissolve.

Só o prado, o prado, aquí. Verde. Tan verde. Aínda estás mollada, sételo? O resío, ese calafrío lánguido. Non xulgues as túas sensacións. Etiquétaas. Etiquétaas e déixaas marchar.

Mira ao teu redor, á esquerda e á dereita. Sen medo. Os raios do sol fan que todo sexa máis verde, tantos verdes diferentes, resulta embriagador, non si? Corre algo de brisa, moi lene. O ceo está azul, azul infinito. Toma aire, máis alá comeza o bosque, solta aire, alí.

Sen case decatarte, movícheste. Coa mirada, iso é: fixaste nese punto afastado e xa. Non ti, ti non te moviches —lembra que non tes corpo—, pero si a túa conciencia. Os paxaros cantan. Chío. Só para ti. Esa ti que non es ti, pero en fin. Un deles crúzase no teu camiño, dobras o pescozo para seguir o seu voo, antes de que se perda para sempre chegas tarde a verlle a cola brillante, move as ás lentamente, parece un dragón pequeniño. Mira cara ao lonxe outra vez. Avanzas de golpe. Xa estás no medio do bosque. Troncos ríxidos,

ondulados, troncos. Cempés xigantes de cor rosa apertan as árbores, perfecta coordinación de todos os seus membros.

Unha libélula agora, que cambia de cor segundo vai pasando por diante dos teus ollos. Toma aire, goza de todo o osíxeno novo que che ofrece o bosque, solta aire, osíxeno limpo, todo para ti. Toma aire, énchete desa paz, esta paz tan verde e tan salvaxe, máis lonxe, máis lonxe aínda, solta aire, verás o mar, o aire encherase de sal e iodo, as ondas ruxirán, toma aire, solta aire, todo para ti.

Pero Paula non ten paciencia para cruzar tamén ese bosque, para que a area cálida lle bique os pés por fin, para agardar a que a súa respiración e a respiración do mar acaben por sincronizarse. Non ten paciencia. Xa está. Quita as OFtal, de xeito brusco, e daquela esvaecen o prado, o bosque, o mar, desaparecen os paxaros imposibles e os cempés rosas e xigantes. Explota a burbulla. Plop. Catro paredes dun cuarto. «C'est tout». As cousas rematan así. Sen transición. Ese xesto. Estás aí e de súpeto, neste cuarto de hotel.

Ou ao revés.

E aquí, ou pode que alí, son as dúas da mañá e a Paula non lle queda máis remedio que aceptar que percorreu o módulo NIX de arriba abaixo e nada, de arriba abaixo e fracaso, de arriba baixo e frustración. Ten éxito o módulo NIX, moita xente asegura que se acabaron os problemas de insomnio grazas a el. Promete moito, iso é certo: música tibetana, sons relaxantes de natureza amable, sesións ASMR, música en frecuencia de 432 Hz, un concerto enteiro de canto gregoriano nun mosteiro de pedra, unha voz incansable que contará ovellíñas só para ti, varias sesións de meditación guiada —kundalini, vipassana e transcendental—... e isto,

a última esperanza branca, a aberta da xungla, a experiencia *Forest Wellness*. Que ninguén poida dicir que non se pode facer nada co seu insomnio, que non ten solución. Non hai máis que mirar o menú despregable do módulo NIX.

Pero hoxe non, hoxe algo falla. Paula segue esperta. Que pode ser? É a falta de neopreno, claro. Nin sequera ten aquí as luvas.

Agora arrepíntese de non traelas.

Tiña que chegar ese momento. Estaba orgullosa da súa decisión, un tanto radical, case épica, que aínda así tomara de xeito natural. Dependencia? Ningunha, se non, non resultaría tan doado deixar o traxe no armario do seu dormitorio. Agora xa non estaba tan segura. É difícil, tan difícil, sentirse orgullosa dunha mesma ás dúas da mañá, respirando con dificultade no pozo do insomnio.

Suspira e observa o seu corpo. Aí segue, enteiro. O neopreno, en cambio, quedou na casa. E aquí está o corpo, un corpo pelado, despojado. E, en fin, haberá que apañarse con isto. Pero, sinceramente, que é este corpo senón unha palmeira, un baobab, un platano en pleno outono. Calquera árbore, en realidade, calquera árbore enchida de insomnio. Unha árbore que pasou o día a absorber un fume invisible —na estación, no tren, no taxi sen chófer—, e que agora, concluída a fotosíntese, explota e expulsa por todos os seus poros o absorbido, convertido xa en materia orgánica.

Esta insistente incapacidade para conciliar o sono é a materia orgánica, o novo fume invisible, o veneno que invade a estancia. Unha materia orgánica que non atopa escapatoria neste hotel. As fiestras non se poden abrir porque este é un edificio intelixente e, como tal, sabe mellor ca ninguén que os insomnes non deben abrir as fiestras, sacar

a cabeza, chegar a fantasiar tan sequera coa posibilidade dunha fuxida.

As dúas e dez. Á merda con todo. Paula imaxínase a si mesma enfundándose o neopreno e entrando nas salas vermellas de Delphi. Non pasa por alto ningún xesto, repásaos todos. A imaxinación é un placebo. Ábrense as portas. E aló vai.

Desaparece o tempo nese espazo sen zonas horarias. Mesmo dicir espazo é dicir demasiado. É a hora que queiras alí, nese non-espazo, nesa burbulla, nesa nube acolchada. É a hora que ti queiras se estás soa, ou a hora que acordes con quen te acompañe. Horario democrático e asembleario. E non só iso. Alí o tempo avanza á velocidade que ti desexes. Vertixinoso. Lento. E quen di que sempre teña que avanzar? Tamén pode deterse por completo. Haberá que devolver todo ese tempo roubado nalgún momento, non está de máis lembralo. Malia que iso acontecerá despois, moito despois: dentro do neopreno non hai senón presente, presente lixeiro, presente límpido e neutral.

Se tivese as luvas postas escollería agora, cos xestos naturais do que é cotián, o seu avatar. Un avatar é un permiso para deixar atrás o corpo.

Que importante é escoller ben o avatar, deseñalo con gusto e ganas, non reparar demasiado en gastos á hora de actualizalo. Ao principio Paula tiña moitos, case unha ducia, versións baratas para xogos sen fundamento, pelo louro, bigote negro, pel marrón, sombreiros e lentes de sol. Aquilo era o xogo de «Quen é Quen», coller de aquí e coller de alá. Chegou a encargar avatares do seu eu anciá e o seu eu de nena, dúas curiosidades que ao final non lle deron xeito ningún. Foi afinando as súas opcións até quedar só con dúas. O primeiro avatar, realizado a partir dun escáner da súa cara, retráttaa fielmente e, ademais, está pro-

gramado para envellecer ao mesmo ritmo que o fai ela, amodo e con sutileza, a traizón. No caso de atoparse con descoñecidos, estes poden identificala de xeito doado, sen mirar o nome de usuario. Todos os asuntos laborais realízaos con este avatar, tamén as xuntanzas cos amigos, os eventos a medio camiño entre o negocio e o lecer. Co segundo avatar ninguén podería recoñecela. Trátase dun rostro xerado por unha intelixencia artificial, un encargo algo caro, pero que pagou a pena. Estoutro avatar non está programado para envellecer. Ten sempre trinta e cinco anos, a idade que Paula considera óptima. É alto, musculoso, cunha tupida barba de cor castaño e viste sempre uns pantalóns estreitos que lle marcan a entreperna. De constitución escandinava e rizos mediterráneos. Mímao e mércalle novos accesorios a cada pouco: camisas de marca, bigotes máis finos. Está satisfeita coa última voz adquirida — tamén única e exclusiva—, a súa elección despois de probar outro par de tons e cores: escura pero doce, un chorro de mel espeso. Alí coñéceno como Viktor, nese non-lugar, nesa burbulla, esa nube esponxosa.

E ese é o seu segredo. Ben gardado na burbulla. Alí, Viktor. Plop.

Se tivese o neopreno á man sen dúbida escollería ese segundo avatar para facerlle fronte ao insomnio. É a contundencia da masculinidade o que necesita nese preciso intre, ese xeito concreto e inapelable de pisar o mundo. E iso, aí, non pode darllo o maldito módulo NIX. Precisa medidas máis enérxicas.

Viktor, ven aquí, por favor.

Pero Viktor non vén. Toca a cara e sente a pel suave, a mandíbula máis fina, o pescozo delgado. E entre as pernas, ese baleiro.